

OBRADOIRO DE EMPREGO “VRBS LVCVS”.

DATA INICIO

30 DE OUTUBRO DO 2013

ENTE PROMOTOR

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

DATA FINALIZACIÓN

29 DE ABRIL DO 2014

ENDEREZO

AV. DA CORUÑA, 500 – CEI NODUS
27003 LUGO

NÚMERO DE ALUMNOS/AS – TRABALLADORES/AS

24

ESPECIALIDADES

- XESTIÓN DOCUMENTAL.
- TÉCNICO EN DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS.
- TÉCNICO EN DIGITALIZACIÓN 3D DO PATRIMONIO DOCUMENTAL.

ACTUACIÓNS PRINCIPAIS.

CINCO SON AS ACTUACIÓNS PRINCIPAIS QUE SE CONTEMPLAN NOS OBRADOIROS:

- **REVISIÓN DA SECCIÓN DE OBRAS E URBANISMO** DO CADRO DE CLASIFICACIÓN DO FONDO DOCUMENTAL DO CONCELLO DE LUGO (SÉCULOS XVIII E XX) CO OBXECTIVO DE INVENTARIAR ESTA DOCUMENTACIÓN.
- **DIXITALIZACIÓN DA SECCIÓN DE OBRAS E URBANISMO** DO INVENTARIO DO FONDO DOCUMENTAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (SÉCULOS XVIII E XX) E DA DOCUMENTACIÓN DEPOSITADA NO SERVIZO MUNICIPAL DE ARQUEOLOXÍA EN RELACIÓN COAS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EFECTUADAS NA CIDADE DE LUGO ENTRE 1986-2012 QUE PERMITA UNHA MAIOR DIFUSIÓN A CIDADANÍA DA EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA CIDADE DE LUGO.
- **CATALOGACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DE METADATOS** NAS IMAXES DIXITAIS SEGUNDO AS NORMAS E ESTÁNDARES NACIONAIS.
- **DIXITALIZACIÓN 3D DE BENS MOBLES** DO PATRIMONIO HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO DA CIDADE DE LUGO: SELECCIÓN E DIXITALIZACIÓN 3D DE PEZAS ARQUEOLÓXICAS DEPOSITADAS NA CIDADE DE LUGO.
- **DIXITALIZACIÓN 3D DE BENS INMOBLES** DO PATRIMONIO HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO DA CIDADE DE LUGO: DIXITALIZACIÓN 3D DE DE ELEMENTOS CONSERVADOS NOS DIFERENTES LUGARES VISITAIBLES DA CIDADE DE LUGO.

ESTAS ACTUACIÓNS PARTEN DUN NEXO COMÚN QUE DA UNIDADE A TODO O TRABALLO DESENVOLVIDO POLO OBRADOIRO: POÑER EN VALOR UNHA PARTE DO RICO PATRIMONIO CULTURAL DO CONCELLO DE LUGO. PARA ISTO, PÁRTESE DE DÚAS PREMISAS BÁSICAS QUE VAN A SERVIR DE NEXOS DE UNIÓN ENTRE OS TRABALLOS A DESENVOLVER POLAS DIFERENTES ESPECIALIDADES DÁNDOLLE ESE CARÁCTER DE INTEGRAL: A PRESERVACIÓN E O ACCESO.

ORGANIZACIÓN

O OBRADOIRO DE EMPREGO “VRBS LVCVS” PROMOVIDO POLO CONCELLO DE LUGO COA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, INICIA AS SÚAS ACTIVIDADES O 30 DE NOVEMBRO DE 2013. O SEU OBXECTIVO É QUE DURANTE OS SEUS SEIS MESES DE FUNCIONAMENTO, VINTE E CATRO

ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS, QUE ATA A SÚA INCORPORACIÓN A ESTE PROXECTO ESTABAN EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, ADQUIRAN A FORMACIÓN E DESTREZAS PROFESIONAIS NECESARIAS PARA ACCEDER AO MERCADO LABORAL COAS SUFICIENTES GARANTÍAS DE ATOPAR UN POSTO DE TRABALLO POR CONTA PROPIA OU ALLEA.

AS ESPECIALIDADES FORMATIVAS IMPARTIDAS SON AS DE XESTIÓN DOCUMENTAL, CON OITO ALUMNOS/AS PARTICIPANTES; TÉCNICO EN DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS, CON OITO ALUMNOS/AS; E TÉCNICO EN DIXITALIZACIÓN 3D DO PATRIMONIO CULTURAL, CON OITO ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS.

O ORGANIGRAMA DO PERSOAL RESPONSABLE DA BOA MARCHA DO OBRADOIRO DE EMPREGO ESTÁ COMPOSTO POR UN DIRECTOR, COA FUNCIÓN DE COORDINAR, XESTIONAR E CONTROLAR O PROXECTO GLOBAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO; UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, PARA APOIO A DIRECCIÓN NAS TAREFAS ADMINISTRATIVAS DE XESTIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO; E POR ÚLTIMO, TRES EXPERTOS – DOCENTES NAS ANTEDITAS ESPECIALIDADES PROFESIONAIS.

OBXECTOS DE ACTUACIÓN.

A ESPECIALIDADE DE “XESTIÓN DE DOCUMENTOS” TEN COMO OBXECTIVO XERAL FORMAR A PROFESIONAIS NAS NOVAS TÉCNICAS E MÉTODOS DE XESTIÓN DE DOCUMENTOS NAS ORGANIZACIÓNS CONSISTENTES NA APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.

AS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER:

- REVISIÓN DA SECCIÓN DE *OBRAS E URBANISMO* DO INVENTARIO DO FONDO DOCUMENTAL DO CONCELLO DE LUGO (SÉCULOS XVIII E XX) CO OBXECTIVO DE INVENTARIAR ESTA DOCUMENTACIÓN PARA POSTERIORMENTE FACER A SELECCIÓN DAQUELA DOCUMENTACIÓN QUE PASARÁ A DIXITALIZARSE POLA ESPECIALIDADE DE “DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS”.
- ORDEACIÓN, IDENTIFICACIÓN, CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE EXPEDIENTES: SERÁN OS ENCARGADOS DE REALIZAR A DESCRICIÓN DE CADA UNIDADE DOCUMENTAL SEGUNDO OS PARÁMETROS FIXADOS POLAS NORMAS DE DESCRICIÓN ARQUIVÍSTICA: ISAD (G), ISAAR (CPF) E EAD, CO OBXECTIVO DE CARGAR ESTES EXPEDIENTES NUNHA APLICACIÓN DE XESTIÓN DOCUMENTAL QUE PERMITA O ACCESO E CONSULTA DESTES EXPEDIENTES.

METODOLOXÍA:

O TRABALLO CENTRASE NO ESTUDO E REVISIÓN DOS SEGUINTE TIPOS DOCUMENTAIS INCLUÍDOS NO CADRO DE CLASIFICACIÓN DE FONDOS DO ARQUIVO MUNICIPAL DE LUGO: EXPEDIENTES DE OBRAS MUNICIPAIS; EXPEDIENTES DE LICENZA DE OBRA MAIOR; EXPEDIENTES DE LICENZA DE OBRA MENOR; EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS; EXPEDIENTES DE ADQUISICIÓN DE BENS; EXPEDIENTES DE CESIÓN DE BENS; EXPEDIENTES DE PLANS URBANÍSTICOS; EXPEDIENTES DE EXPROPIACIÓNS URBANÍSTICA; EXPEDIENTES DE PLANS URBANÍSTICOS: ALIÑACIÓNS.

É UN FONDO DUNHA GRAN RIQUEZA PATRIMONIAL E VALOR HISTÓRICO XA QUE NOS AXUDA A COMPRENDER E A ELABORAR O DESENVOLVEMENTO URBANO E ARQUITECTÓNICO DA CIDADE.

O TRABALLO A DESENVOLVER CONSISTE EN REALIZAR UNHA REVISIÓN E INVENTARIO DO FONDO COMPLETO PARA SELECCIONAR AQUELAS OBRAS E PROXECTOS QUE FOSEN IMPORTANTES PARA EXPLICAR O DESENVOLVEMENTO E A CONFIGURACIÓN DA CIDADE, BEN PORQUE MOSTREN UN CRECEMENTO DESTA OU PORQUE MOSTREN UNHA EVOLUCIÓN SIGNIFICATIVA DE LUGARES EMBLEMÁTICOS DA CIDADE; OU BEN PORQUE FAGAN REFERENCIA A EDIFICACIÓNS MOI SIGNIFICATIVAS PARA O MUNICIPIO.

UNHA VEZ QUE OS EXPEDIENTES EN SOPORTE PAPEL SE ATOPEN DIXITALIZADOS, RETORNARÁN A ESTE OBRADOIRO CO OBXETIVO DE CARGAR AS IMAXES DIXITAIS NA APLICACIÓN INFORMÁTICA RELACIONÁNDOAS COS REXISTROS DESCRITIVOS ELABORADOS CO FIN DE GARANTIR O ACCESO E CONSULTA DOS MESMOS POR PARTE DOS USUARIOS FINAIS.

NA ESPECIALIDADE DE “TÉCNICO EN DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS” O OBXECTIVO PRINCIPAL É COÑECER AS PAUTAS QUE DEBEN ACOMETERSE NUN PROXECTO DE DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS, ASÍ COMO AS DIRECTRICES QUE REGULAN A OBTENCIÓN, CONTROL, CONSERVACIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN DAS IMAXES DIXITAIS XERADAS A PARTIR DE DOCUMENTOS ORIXINAIS.

ACTUACIÓNS:

DIXITALIZACIÓN DOS EXPEDIENTES E DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA QUE FOSEN PREVIAMENTE SELECCIONADOS DE ACORDO COA DIRECCIÓN DO PROXECTO. ESTES FICHEIROS CUMPRIRÁN COS REQUISITOS FIXADOS POLA NORMA TÉCNICA DE INTEROPERABILIDADE DE DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS NO REFERENTE A FORMATOS, RESOLUCIÓNS E REQUISITOS TÉCNICOS.

OS TRABALLOS CENTRARÁNSE, POR UNHA BANDA, EN EXPEDIENTES DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE RÚAS E PRAZAS NA CIDADE DESDE O SÉCULO XVIII AO SÉCULO XX E QUE CONSTITÚEN A PRINCIPAL FONTE DE INFORMACIÓN PARA EXPLICAR A EVOLUCIÓN URBANÍSTICA DA CIDADE DE LUGO. POR OUTRA BANDA, A DIXITALIZACIÓN DOS EXPEDIENTES CORRESPONDENTES A SERIE DOCUMENTAL “LICENZAS DE OBRA MAIOR”, “LICENZAS DE OBRA MENOR” E “LICENZAS DE ACTIVIDADE”, PERMITIRÁN COMPLETAR O TRABALLO O TRATARSE DE EXPEDIENTES QUE REFLECTEN A EVOLUCIÓN ARQUITECTÓNICA E MESMO ECONÓMICA DA CIDADE ACADANDO UN ENORME VALOR TANTO INFORMATIVO COMA HISTÓRICO.

METODOLOXÍA

PARA DESENVOLVER OS TRABALLOS DE DIXITALIZACIÓN CONFIGURARASE UN OBRADOIRO ONDE SE HABILITARÁN UN TOTAL DE OITO POSTOS DE TRABALLO SEGUNDO ÁS CARACTERÍSTICAS DOS DOCUMENTOS TRATADOS, EQUIPOS E PROCEDEMENTOS DE CAPTURA MÁIS AXEITADOS. OS ALUMNOS/AS IRÁN ROTANDO POLOS DIFERENTES POSTOS CO OBXECTIVO DE ACHEGARLLES ÁS DIFERENTES CARACTERÍSTICAS DE CADA UN DELES.

ESTES POSTOS PODEN CLASIFICARSE EN CATRO:

ESCÁNER DE ALTA VELOCIDADE (X2): PARA DOCUMENTACIÓN DE TIPO ADMINISTRATIVO, CUN SOPORTE PAPEL DE FABRICACIÓN INDUSTRIAL. É O CASO DOS EXPEDIENTES CORRESPONDENTES AO ARQUIVO DE OFICINA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ARQUEOLOXÍA. TAMÉN SE DIXITALIZARÁN NESTES EQUIPOS TANTO POSITIVOS E OPACOS QUE POLO SEU ESTADO DE CONSERVACIÓN NON PRESENTEN RISCOS DE SUFRIR DETERIORO.

MESAS DE REPRODUCCIÓN CON CÁMARA DIXITAL OU ESCÁNER CENTRAL (X2): DEDICADOS A DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA QUE PRESENTA UNS SOPORTES MÁIS DELICADOS E NOS QUE, POLO SEU FORMATO, HAI QUE CONTROLAR A SÚA MANIPULACIÓN: EXPEDIENTES PERTENCENTES AO FONDO DE *OBRAS E URBANISMO* DO SÉCULO XVIII E PRIMEIRA METADE DO XX.

ESCÁNER DE GRAN FORMATO: PARA A DIXITALIZACIÓN DA PLANIMETRÍA HISTÓRICA DE GRAN FORMATO.

EDICIÓNS E IMPLEMENTACIÓN DE METADATOS NAS IMAXES DIXITAIS (X3): SERÁN OS ENCARGADOS DA EDICIÓNS E OPTIMIZACIÓN DAS IMAXES DIXITAIS DE ACORDO COS PARÁMETROS FIXADOS POLA NORMA TÉCNICA DE DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS E DA INSERCIÓN DE METADATOS NAS IMAXES DIXITAIS PARA FACILITAR A SÚA

IDENTIFICACIÓN, ACCESO E CONDICIÓN DE USO SEGUNDO AS NORMAS E ESTÁNDARES INTERNACIONAIS.

A ESPECIALIDADE DE “TÉCNICO EN DIXITALIZACIÓN 3D DO PATRIMONIO CULTURAL” TEN COMO OBXECTIVO XERAL FORMAR A PROFESIONAIS NAS NOVAS TÉCNICAS DE REXISTRO E DIXITALIZACIÓN 3D DO PATRIMONIO CULTURAL.

ACTUACIÓN:

- DIXITALIZACIÓN 3D DE BENS MOBLES DO PATRIMONIO HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO DA CIDADE DE LUGO: SELECCIÓN E DIXITALIZACIÓN 3D DE PEZAS ARQUEOLÓXICAS DEPOSITADAS NA CIDADE DE LUGO
- DIXITALIZACIÓN 3D DE BENS INMOBLES DO PATRIMONIO HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO DA CIDADE DE LUGO: DIXITALIZACIÓN 3D DE ELEMENTOS CONSERVADOS NOS DIFERENTES LUGARES VISITABLES DA CIDADE DE LUGO.

METODOLOXÍA:

O DESENROLO DESTA ACCIÓN ESTRUTURARASE EN DÚAS PARTES, UNHA PRÁCTICA E OUTRA TEÓRICA. NA PARTE TEÓRICA OS ALUMNOS COÑECERAN OS FUNDAMENTOS TEÓRICOS BÁSICOS PARA DESENVOLVER O SEU TRABALLO NESTE SECTOR. NA SEGUNDA PARTE OS ALUMNOS APRENDERAN A MANEXAR AS FERRAMENTAS NECESARIAS NESTA DISCIPLINA, PARA PODER ABORDAR CASOS PRÁCTICOS QUE TERÁN COMO OBXECTIVO A DIXITALIZACIÓN 3 D DE ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS E HISTÓRICOS DA CIDADE DE LUGO.

O TRABALLO A REALIZAR PERMITIRÁ CONSERVAR REPLICAS DIXITAIS DOS BENS ELIXIDOS PARA A ELABORACIÓN DUN REPOSITORIO DE MODELOS TRIDIMENSIONAIS DOS MESMOS.

NESTE TALLER TAMÉN SE REALIZARÁ O POSTERIOR TRATAMENTO DOS DATOS OBTIDOS, PARA ADECUALOS AS BASES DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO, FACILITANDO ASÍ O ACCESO A OS MESMOS.

ESTABLECER PAUTAS ESPECÍFICAS PARA O PROCESO DE REXISTRO ESPACIAL DOS DISTINTOS BENS, UNIFICANDO ASÍ OS DATOS OBTIDOS PARA NORMALIZAR ESTE TIPO DE PROCESOS.

DESENROLAR E ESTANDARIZAR O PROCESO DE REXISTRO ESPACIAL PARA ADECUALO OS BENS REXISTRADOS, ASEGURANDO A PROTECCIÓN E A FIDELIDADE DOS RESULTADOS.

O REXISTRO PERMITIRÁ ELABORAR UN INFORME DETALLADO DE CADA BEN REXISTRADO, QUE RECOLLA O SEU ESTADO DE CONSERVACIÓN.

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.

ADEMAIS DA INDICADA FORMACIÓN EN CADA ESPECIALIDADE FORMATIVA, NON PODE ESQUECERSE A NECESIDADE DE DESENVOLVER OUTRO TIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TANTO PARA O ENRIQUECIMENTO CULTURAL COMO PERSOAL DOS ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES.

PARA ESTE FIN, ORGANÍZANSE DIFERENTES MÓDULOS COMO O DE INSERCIÓN LABORAL, ORIENTADO Á FORMACIÓN EN TÉCNICAS E FORMULAS DE AUTOEMPREGO E CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O QUE CONTAMOS CÓ APOIO DO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DO CONCELLO DE LUGO E A TÉCNICO DE ORIENTACIÓN DE EMPREGO DA ESCOLA OBRADOIRO. TAMÉN SE IMPARTEN OS MÓDULOS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO CO OBXECTIVO DE PREVIR OS RISCOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE LABORAL, DE ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA, DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E DE IGUALDADE DE XÉNERO.

E POR ÚLTIMO PODEN VER E TRABALLAR DE FORMA DIRECTA COA APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NO ÁMBITO DO ARQUIVO.